

## Hai futuro para a literatura infantil e xuvenil galega

Por **Manuel Bragado**

Director de Edicións Xerais de Galicia

cultura

**O**s datos da *Panorámica de la edición española de libros 2016*, o informe máis recente elaborado cos datos da oficina do ISBN, acenden o piloto de emerxencia para a edición galega: o número de inscricións continúa retrocedendo un 13,10 % con respecto ás do ano anterior, acadando apenas as 1.211, o que supón una mingua do 52,39 % das publicadas en 2010. En apenas seis anos, o libro galego publica case a metade que antes ofrecía. Un retroceso interanual neste caso que aínda resulta máis acusado para o libro impreso en galego (14,44 %), fenómeno que non sucede nin na edición en éuscaro, que medra un espectacular 34,50 %, nin na catalá nin na castelán, que se incrementan arredor do sete por cento. Non hai dúbida de que a edición do libro galego, cada vez máis hibridada no formato (o 31,54 % da nova oferta de 2016 foi dixital), vive o peor momento das últimas tres décadas. Datos alarmantes traducidos nun SOS, emitido periodicamente polas asociacións profesionais de editoras e librarías, que non recibe apenas resposta por parte da Xunta de Galicia, que dende 2009 rebaixou os fondos públicos destinados ao sector nun 80 %, mais tamén escaso interese dos

grupos da oposición. Deixaron de formar parte o libro e a lectura da axenda política galega da Autonomía?

Aínda que neste contexto adverso poida resultar estraño, a crise do noso sector coincide con outro momento de fulgor e proxección da literatura infantil e xuvenil galega, tanto no que atinxe a cantidade, calidade e diversidade da súa oferta como á proxección fóra do país da nosa creación. Eis, *Poemar o mar* (Xerais 2016), o recente Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil de Antonio García Teijeiro, o primeiro para un libro de poemas galegos, o segundo premio galego para as tres últimas edicións deste premio, considerado o máximo recoñecemento dos poderes públicos para a creación literaria. Eis, tamén, *A balada dos unicornios* (Xerais 2018), o novo Premio Lazarillo de literatura xuvenil (convocado nas catro linguas oficiais) de Leticia Costas, autora que conta con milleiros de lectores e lectoras para as súas obras escritas en galego e publicadas e recoñecidas en castelán, catalán ou coreano.

As cifras do subsector da literatura infantil e xuvenil galega merecen ser coñecidas. Segundo o estudo *do Comercio Interior del Libro de 2016*, elaborado cos datos achegados polas editoras o número de títulos supuxo o 35,90 % dos publicados polo sector, porén constitúe o 27,90 % dos exemplares fabricados e o 25,40 % da facturación. Ou noutras palabras, o libro infantil e xuvenil en galego conforma un mercado interior superior aos cinco millóns de euros, una cantidade importante, como tamén o é que un de cada tres libros editados en galego e un de cada ca-



*O soño de Mullas de Leo Lionni, Kalandraka*

tro vendidos nas nosas librarías sexa considerado coas etiquetas “infantil” ou “xuvenil”. Consideracións que cumpriría completar co peso crecente deste subsector da edición galega no Comercio Exterior do Libro (un dato que descoñecemos), sobre todo pola oferta de álbum ilustrado que achega Kalandraka e as súas diversas filiais internacionais. Cifras que amosan a resistencia da literatura infantil e xuvenil galega no contorno da hibridación, así como a súa importancia, xunto coa edición do libro de educativo (suman o 76,60 % da facturación), para o conxunto do noso sector. Un fenómeno que caracteriza á edición galega ao longo das tres últimas décadas, que comparten tamén a realizada en catalán e en éuscaro.

A boa saúde da edición de literatura infantil e xuvenil non pode agochar o reto de preservar a diversidade e a singularidade dos contidos da súa oferta, desafío que comparte coas editoras doutras linguas da contorna europea, ameazadas polos efectos da hibridación dixital e da homoxeneización audiovisual sobre os comportamentos do lectorado en formación. Como tampouco pode descartar os efectos que sobre o propio sector está ocasionando a perda acelerada de falantes iniciais do idioma galego, xa que semella moi difícil que poida ser viable a edición vizosa nunha lingua que resulte allea ou estranxeira para a maioría dos seus potenciais lectores ou lectoras, mesmo a pesar de que poidan contar con competencia lectora pasiva.

Como tamén a nosa edición de literatura infantil e xuvenil debe afrontar o desafío que formula tanto a ampliación da súa oferta dixital, até agora máis reducida ca no eido da narrativa para persoas adultas, como do seu nivel de interacción, esencial para continuar prendendo no lectorado novo. Como é obrigado abrir o catálogo do sector máis decididamente nos territorios da chamada “non ficción”, sobre todo de contidos de divulgación científica e humanística, como reclaman de forma insistente dende as bibliotecas escolares (por certo, de funcionamento modélico, no caso galego). Sen esquecer, a necesidade de contar neste eido, a pesar da consolidada presenza internacional das editoras de álbum, cunha estratexia de proxección internacional, compartida pola Xunta de Galicia e o sector privado, que facilite a tradución dos nosos autores e autoras máis alá das viaxes illadas dalgúns ás feiras de Boloña ou Guadalaxara.

Retos no contexto da hibridación editorial internacional que cómpre continuar abordando coas doses elevadas de autoestima e innovación coas que traballou sempre este subsector, quizais o máis dinámico e cosmopolita da edición en galego. Hai futuro para a lix galega!